

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE XUVENTUDE E DEPORTES

No Pazo Provincial, sendo as 12:12 horas do día 17/02/23, reúnese a Comisión de Xuventude e Deportes, baixo a presidencia de **D. GORKA GOMEZ DIAZ**, sendo a súa suplente **D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ**, e coa asistencia dos seguintes Deputados/as, de **D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, D^a, ANA M^a MEJIAS SACALUGA, D. CARLOS LÓPEZ FONT, NOEMÍ OUTEDA PROL, D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ, D^a M^a VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D^a M^a PAZ LAGO MARTINEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, D. XOSÉ CESAREO MOSQUERA LORENZO e D^a MARIA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, xefe do servizo Deportes.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.-LECTURA E APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo reparo algún, apróbase, por unanimidade, a acta de 20/01/2023

2.- DAR CONTA DA APROBACION DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS OFICIAIS DE ÁMBITO ESTATAL NO ANO 2023.

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases reguladoras das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participen con algún equipo ou deportistas en competicións oficiais de ámbito estatal.

As contías correspondentes a cada modalidade deportiva son as seguintes:

Atletismo	24.000,00 €	Baloncesto	140.000,00 €
Balonmán	190.000,00 €	Ciclismo	70.000,00 €
Fútbol	205.000,00 €	Fútbol sala	45.000,00 €
Tenis de mesa	30.000,00 €	Voleibol	20.000,00 €
Judo	16.000,00 €	Outras modalidades	110.000,00 €

2.- DAR CONTA DA APROBACION DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENICONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023.

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases reguladoras das subvencións para entidades deportiva, para a organización de campionatos, eventos ou actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023.



As actividades obxecto de subvención destas bases deberán desenvolverse no ámbito territorial da provincia de Pontevedra no ano 2023 e divídense en dúas liñas de actuación:

- **Liña 1**

Axudas para a realización de competicións deportivas federadas oficiais de ámbito estatal ou internacional.

- **Liña 2**

Axudas para a realización de competicións deportivas oficiais e non oficiais, de todos os ámbitos territoriais, federadas ou non federadas.

4.- ROGOS E SUXESTIÓNS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:14 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

